

ANEXO 2. COMPROMISO VEDRUNA EN EUROPA
POLO DEREITO Á VIVENDA DIGNA
PARA A CAMPAÑA JPIC BICENTENARIO na Provincia Vedruna de Europa:
POR UN PRESENTE CON VIVENDA DIGNA!

Data desta recompilación de datos: rematada o 15 de novembro de 2025.

1. POR QUE ESTE DOCUMENTO

Cando deseñabamos esta campaña: *Por un presente con vivenda digna!*, preguntámonos se coñecíamos persoas da nosa contorna que carecían de vivenda digna, se estamos xunto a elas e de que maneira.

Madurado o manifesto, pensamos qué peticións dirixir aos que teñen nas súas mans determinar vías de solución, sexan responsables públicos ou privados. Non esquecemos a inquietude por extender o noso compromiso, segundo as nosas posibilidades e as da nosa contorna asociativa.

Igualmente, propuxémonos facer un documento Anexo 2 co noso compromiso Vedruna en relación á vivenda digna, con datos dos anos 2024 e 2025.

Podemos ofrecer unha modesta contribución a través dos nosos proxectos, traballando en rede con outras entidades sociais e de Igrexa, e – como tantas veces pediu o Papa Francisco á Vida Relixiosa– seguir abrindo as nosas comunidades a persoas e familias en situación de senfogarismo.

Neste documento recollemos datos e, sobre todo, rostros que da nosa misión co obxectivo de que todas *"teñan vida e a teñan en abundancia"* (Jn 10,10), tamén no relacionado coa vivenda digna.

Non son cifras ou accións ocasionais, senón accións sustentadas por unhas conviccións que nos moven a un estilo concreto de estar, de facer e de vivir a misión xunto a outras persoas, escoitando a voz das que máis sofren e das que as acompañan. Porque *"nada deste mundo nos resulta indiferente"*¹ e *"a pobreza, na maioría dos casos, non é unha circunstancia accidental nin unha elección, como suxire esa falsa visión meritocrática que leva a desprezar ou ridiculizar o exercicio da caridade"*².

¹ Cf. *Carta Encíclica Laudato Si'*, nº 3.

² Cf. *Exhortación Apostólica Dilexit Te*, nº 14. Lembramos que, a palabra "caridade" deriva da latina "caritas", que significa amor profundo.

2. MOVIDAS POR UNHAS CONVICCIÓNS

As nosas fontes de inspiración:

1.- A *Plataforma de Acción Laudato si* a que nos unimos como Congregación en 2021 comprometéndonos polo respecto e o coidado do planeta e a dignidade dos que o habitamos. Estamos aliñadas cos *Obxectivos Laudato si (OLS)*³.

2.- A *exhortación Fratelli tutti* onde Francisco urxe á acción e non só ás palabras. Sobre a vivenda digna, o OLS nº2 fala de "*Resposta ao clamor dos pobres*", o nº6 de "*Resiliencia e empoderamento da comunidade*", e o nº 1 "*Escoitar o clamor da Terra*".

3.- Os *obxectivos de desenvolvemento sustentable*⁴ definen unhas metas sobre temas como a inclusión social, o crecemento económico e a protección do ambiente. O nº11 propónse "*De aquí a 2030, asegurar o acceso de todas as persoas a vivendas e servizos básicos adecuados, seguros e alcanzables e mellorar os barrios marxinais*".

4.- A *Exhortación Dilexit te* do Papa León XIV que nos urxe⁵ e anima a optar polo modo de vivir que nace de recoñecer nas empobrecidas, *non unha categoría sociolóxica senón o rostro e a carne de Cristo*⁶, Deus encarnado.

NOS INSPIRAN OS VALORES EVANXÉLICOS expresados na Doutrina Social da Igrexa e OS VALORES SOCIAIS E HUMANISTAS que compartimos con moitas persoas, aínda que non sexan cristiás nin crentes. Nada do humano lle é alleo ao Deus do amor de todas e todos, sen excepción, chamémoslle como lle chamemos, sintámolo o como o sintamos⁷.

Por todo isto, recoñecendo que somos unha gota de auga no medio do océano, entre todos os que están xa comprometidas polo dereito a unha vivenda digna para todas as persoas, e sabendo que a suma de gotas fai posible o mar, presentamos o noso compromiso actual.

3. ABRAZANDO NAS NOSAS CASAS

Comunidades de acollida

Dende hai algúns anos, a familia Vedruna en Europa fomos abrindo as portas das nosas comunidades e estamos compartindo a vida con persoas que non teñen acceso

³ A *Carta Encíclica Laudato Si'* sobre o coidado da Casa común, publicada o 22 de maio de 2015. Respecto á LSAP e os OLS: cf. <https://plataformadeaccionlaudatosi.org/objetivos-laudato-si/>

⁴ O proceso de elaboración dos ODS e as súas metas, concluíu coa aprobación pola Asemblea Xeral da ONU o 6 de xullo de 2017.

⁵ Papa LEÓN XIV, *Exhortación Apostólica Dilexit Te*, publicada o 9 de outubro de 2025.

⁶ Cf. *Dilexit Te*, nº 110.

⁷ Sexa coa dúbida sobre a existencia de Deus, sexa coa convicción de que en realidade hai unha forza ou impulso da vida, ou unha enerxía ou un horizonte que nos supera ou ben sexa a crenza na máis pura humanidade sen transcendencia.

a unha vivenda digna.

No ano 2024 e 2025, 11 comunidades fomos compartindo e/ou compartimos a nosa vida cotiá con outras persoas en situación de vulnerabilidade residencial. Entre elas temos tido o privilexio de acoller a 4 familias con nenos e outras persoas. En total foron 31 mulleres, 28 bebés ou nenos, 157 mozos e mozas, 4 homes adultos e un maior en perigo, por tempos que van dende unha noite a un ano.



8

Trátase de acollidas temporais, en contacto con entidades da nosa contorna que contan con equipos multidisciplinares para un acompañamento máis integral e promoven unha rede social que facilita ás persoas abrirse ao futuro. Estas entidades son Caritas, Delegación de Migracións da Diócese de Tánger, Fundación Rede Íncola, Lagun Artean, Mesa pola Hospitalidade de Madrid, Rede de Hospitalidade da Fundación Migra

Studium, Refugees Welcome España, Obra Social de Sant Joan de Déu e SERCADE.

9

Esta convivencia e mesa compartida nos fai crecer a todas no recoñecemento mutuo, a confianza e o respecto. Facémonos máis humanas. E percibimos que estamos colaborando ao empoderamento das persoas e, en ocasións, á inclusión social de persoas e/ou familias, en especial cando estas se viron obrigadas a migrar ou a refuxiarse nos nosos países.



Casas de Familia e Fogares

Nas súas orixes Xaquina quere abrazar múltiples realidades sociais sufrintes que reflicten a precariedade do seu momento histórico. Unha delas consiste en facerse cargo dalgunha Casa de Caridade municipal, onde se acollía a persoas de todo tipo,

⁸ Comunidade Vedruna- Madrid

⁹ Espazo Aberto - Valencia

de distintas idades e en diversas situacións de risco de exclusión social.

Ao longo dos anos estas institucións vanse trasformando e adaptando ás novas necesidades que van xurdindo. Hoxe en día, froito destes procesos de cambio, temos tres comunidades (Vigo, León e Vic) adicadas á acollida de 50 nenos, nenas e adolescentes que nos seus núcleos familiares viven situacións de risco e vulnerabilidade. As administracións autonómicas delegan a estas "Casa de Familia" o coidado, atención e protección destes nenos, nenas, adolescentes e mozos para acompañalos no seu crecemento persoal. Esta é unha medida transitoria e provisional á espera de que as súas familias poidan facer unha tarefa de reconstrución e así garantir que sexan cubertas as súas necesidades básicas a nivel educativo e emocional.

Tal como facía Xaquina, nas nosas Casas de Familia e Fogares é primordial recrear un ambiente acoledor, familiar, onde os nenos, nenas e adolescentes se sintan queridos e aceptados para poder crecer nun entorno seguro, san e enriquecedor para o seu desenvolvemento integral.

4. CEDENDO OS NOSOS ESPAZOS

Dende hai máis de 10 anos decidimos ceder algúns espazos comunitarios que non estaban ocupados a entidades sociais que acompañan a persoas e familias para que non se queden nas cunetas da nosa sociedade.



10

En 2024 e 2025 temos cedidos 4 espazos residenciais ás entidades: Caritas diocesanas de Sant Feliu de Llobregat e de Vic, *Comunità di S. Egidio*, e probablemente nun futuro inmediato á *Fundación BERAKAH*. Nestes case dous anos, viviron ou viven nestes espazos: 2 familias, pais con 2 nenos e 3 mozos, así como 2 mulleres.

Nalgúns casos temos contacto directo coas familias e persoas acollidas, noutros non. De todos os xeitos, vivimos a hospitalidade deixando espazo ás demais. Ás veces literalmente, limitándonos a vivir cun pouco menos de espazo para que outras poidan ter un lugar onde vivir.

5. COLABORANDO CON OUTRAS

A colaboración en rede foi un empeño Vedruna especialmente neste século, aínda que xa Xaquina, a nosa fundadora, o tivo no horizonte dende o inicio. Nomeamos só

¹⁰ Comunidade Vedruna- Barcelona

algunhas que vivimos hoxe:

- As comunidades inseridas en medios populares ou rurais, pero non só estas, involucradas na creación de asociacións.
- Creación de proxectos, especialmente para a promoción de nenas, nenos e mulleres.
- Colaboración en voluntariado de irmás e laicas/os para a promoción dunha vida digna.
- Coidado de persoas que viven en situación de rúa.
- Acompañamento e coidado de persoas e de familias específico para o acceso á vivenda.

A suma dos pequenos proxectos sociais que conforman a misión da familia Vedruna en Europa (España e Italia) e que dalgunha maneira traballaron o relativo ao acceso a unha vivenda digna, directa ou indirectamente, reflicte uns números que nos sorprenden a nós mesmas.



11

No ano 2024 e primeiro semestre do 2025, nas entidades coas que traballamos foron acompañadas máis de 10.800 persoas nos seus procesos persoais ou familiares, con orientación, formación básica e apoio comunitario e, en ocasións, con apoio alimentario, axudas ao alugueiro ou subministracións, etc. e con máis de 100 prazas residenciais, sexan en espazos compartidos ou unifamiliares.

Cada acompañamento busca soste, fortalecer capacidades e evitar que ninguén transite só situacións de vulnerabilidade. Nese camiño de acompañamento integral apareceron tamén situacións vinculadas á vivenda que se atenderon poñendo

¹¹ Espazo aberto - Valencia. Decembro de 2025.

á persoa no centro: aloxamentos precarios, alugueiros inestables, dificultades de empadramento ou risco de perder o lugar onde vivían. E aínda que nalgúns proxectos non contamos cun programa específico de vivenda, a práctica cotiá levounos a acompañar dúbidas e problemas básicos de aloxamento, orientar sobre empadramento, alugueiros e recursos públicos dispoñibles, e a derivar a servizos sociais e recursos especializados cando foi necesario.

Todo iso dende a escoita respectuosa, a presenza próxima e a acollida como primeiro xesto de dignidade, con relacións de igualdade e sendo espazos de oasis onde sanar feridas. Entendemos que a vivenda non é só un teito, senón un factor clave de seguridade, arraigamento e pertenza.

6. DENUNCIANDO A FALTA DE VIVENDA E A ESPECULACIÓN

Dende hai décadas, colaboramos con outras entidades sociais cidadás, veciñais ou estatais adicadas a garantir o acceso á vivenda digna e a denunciar situacións inxustas como os desafiuzamentos ou as subas do alugueiro, así como a facer redes con outras persoas e entidades en diversas circunstancias, para promover o acceso a vivendas sociais e asequibles para as familias e á promoción do dereito ao padrón para todas.



12

Nalgunhas destas entidades formamos parte da Xunta ou do equipo coordinador. Noutras colaboramos cando se realizan actos públicos ou formación e tamén na difusión e recollida de sinaturas, por exemplo, para a ILP da vivenda onde participamos todas as comunidades de Catalunya, ou na ILP para a regularización estatal das persoas migrantes que apoiamos toda a familia Vedruna en España.

Seguimos implicadas na PAH de Tarragona, Morvedre Acull, Elin e varios Círculos de

¹² Manifestación en Madrid. Novembro de 2025

silencio, e colaboramos con Stop Desafiuzamentos acudindo ás convocatorias.

Temos estado e estamos involucradas directamente polo menos 12 comunidades, algunhas persoas do laicado Vedruna e outros seculares da familia Vedruna. En circunstancias especiais, como as campañas pola ILP Autonómica da Vivenda, participamos todas as comunidades de Catalunya e na ILP pola Regularización, toda a familia Vedruna en España.

7. ESCOLAS VEDRUNA. XUNTO CO CRECEMENTO INTEGRAL: CENTROS DE PORTAS ABERTAS EDUCANDO PARA VIVIR DENDE OS VALORES, A SOLIDARIEDADE, A XUSTIZA SOCIAL E A EQUITADE

Acabamos con este ámbito non menos importante. Dende que Xaquina fundou a Congregación, a misión educativa estivo moi presente e aínda o está. Na actualidade, a educación formal levámola a cabo a través de dúas fundacións: Fundación Vedruna Cataluña Educación (FVCE) en Cataluña e Fundación Vedruna Educación (FVE) noutras 11 comunidades autónomas de España, ambas inspirando o seu labor no talento e o estilo educativo de Xoaquina de Vedruna.

A Fundación Vedruna Cataluña Educación (FVCE) é unha rede de 39 escolas. Actualmente edúcanse nelas 21.737 alumnos e traballan 2.358 profesionais, entre mestres e persoal do PAS. Por outra banda, Fundación Vedruna Educación (FVE) está formada por 32 escolas, con cerca de 23.000 alumnos e máis de 2.300 profesionais.

Nas escolas Vedruna de Cataluña o 35,61% dos alumnos de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria son alumnos que teñen necesidades educativas especiais, a maioría de tipo social e económico. A porcentaxe na Fundación Vedruna Educación é moi similar, sempre por riba do 30%. Son alumnos cunha gran diversidade de necesidades e carencias, e algunhas tamén están directamente relacionadas con ter unha vivenda digna.



13



14

¹³ Obxectivo Educativo das Escolas Vedruna 2024. <https://fundacionvedrunaeducacion.org/>

¹⁴ Itinerario Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), na Fundación Vedruna Educación. <https://vedruna.eu/portfolio-item/fundacion-vedruna-catalunya-presenta-el-itinerario-ods/>

A complexidade e a diversidade está moi presente na escola Vedruna. Lonxe de ver estas circunstancias como unha dificultade, nas escolas Vedruna xa fai tempo que as temos incorporado en clave de riqueza e reto. Vamos camiñando para facer pedagogía e incidencia cara á administración e o goberno co fin de atopar solucións colectivas, pero, sobre todo:

Debemos seguir sendo "*casas de portas abertas*". Na escola debemos atender, acoller e axudar a todos a aprender.

Debemos facer das nosas escolas plataformas de solidariedade e xustiza social, potenciando esta liña educativa pedagóxica e pastoralmente desde o noso carisma.

Debemos estar atentos á realidade que nos rodea, cerca e lonxe, e ás novas necesidades que van xurdindo, para dar unha resposta desde a fidelidade creativa aos nosos orixes.

Debemos facer das nosas escolas espazos privilexiados de coidado a todos os niveis.

Debemos seguir recoñecendo a humanidade e a dignidade de todas as persoas e a nosa capacidade para vivir xuntos. A escola debe ser un espazo de convivencia, e a convivencia fundaméntase na diversidade.

Debemos continuar xerando espazos de acollida a todos os que o necesitan, dentro e fóra do horario lectivo. Para que isto sexa posible é necesario que se establezan vínculos entre todos os que convivimos na escola.

Estes vínculos que establecemos coas demais persoas, a empatía, son imprescindibles para aprender a vivir xuntos. E debemos seguir estando atentos ás dificultades socioemocionais, económicas e de aprendizaxe do noso alumnado. A diversidade é natural, a desigualdade é unha situación que se vai combater. A alternativa non é só a igualdade, senón a equidade: tratar a todos segundo o que necesiten e pedirles todo o que poden dar.

8. CONCLUÍNDOLAS: XUNTAS EN MARCHA, XUNTO COA XESTACIÓN DA VIDA

Confiamos vivir con entusiasmo a misión creadora e, dende a minoridade evanxélica, ABRAZAR AS NOVAS NECESIDADES da nosa contorna e camiñar xunto aos que aínda non temos camiñado.

Os obxectivos que nos propoñemos -citados no manifesto- de coñecer a realidade, sensibilizarnos, sensibilizar, poñernos en contacto coas responsables públicas, seguir acompañando e acollendo a persoas e familias, seguir aplicando os criterios da xustiza social e restaurativa, así como sumarnos a outras organizacións ou iniciativas, poden axudarnos a COIDAR A VIDA E DEFENDELA da especulación e doutras ameazas.



15

As personas e entidades que estamos adheridas á campaña podemos sumar **ESFORZOS PARA ACOMPAÑAR** esa xestión da vida que se dá nos pequenos xestos e **CREAR MÁIS LAZOS, REDES**, que nos unan a outras co fin de escoitar o clamor dos que viven a vulnerabilidade e a exclusión residencial. Sen importar os nosos credos ou formas de pensar, nin a nosa situación existencial, podemos atopar xuntas e cos que viven a situación de senfogarismo, unha vida máis digna, máis humana para todas.

¹⁵ Espazo Aberto-Valencia. Decembro de 2025.